



Praza número: 25/3028

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Enfermaría (Terapia Ocupacional)

Departamento: Ciencias da Saúde

Centro: Facultade de Ciencias da Saúde

Vista a proposta formulada pola comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza indicada do 29.07.2025, e visto así mesmo o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa sesión do 23.09.2025, polo que se ratifica a devandita proposta da comisión de selección.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 11 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 7 de novembro de 2024, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./D^a. M^a de las MERCEDES SEOANE BOUZAS**.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda ante o Xulgado do Social que resulte competente conforme ao establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A vicerreitora de Profesorado por delegación do reitor

(RR 10/07/2024)

María Teresa López Fernández



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 23 de setembro de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/3028

Categoría: Axudante Doutor

Área de coñecemento: Enfermaría (Terapia Ocupacional)

Departamento: Ciencias da Saúde

Centro: Facultade de Ciencias da Saúde

Tras analizar a documentación da praza 25/3028, as reclamacións presentadas por D.^a Patricia Concheiro Moscoso e D.^a María del Carmen Miranda Duro e os informes emitidos pola Comisión de selección, considerando que os citados informes dan resposta ás alegacións realizadas polas reclamantes e non habendo ningunha contravención da *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do persoal docente e investigador* (aprobada polo Consello de goberno o 7/11/2024), a Comisión de reclamacións, ACORDA:

1. Ratificar a proposta da Comisión de selección.
2. Facer público este acordo.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández